

**12627** REAL DECRETO 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal. («BOE» 156, do 30-6-2001.)

A Orde do 11 de outubro de 1988, relativa a substancias e produtos indesexables en alimentación animal, elaborouse co fin de incorporar ó noso ordenamento xurídico a Directiva 74/63/CEE, do Consello, do 17 de decembro de 1973, do mesmo título. Con esta norma tratábase de reduci-la presenza de substancias e produtos indesexables nos alimentos para animais, ata uns límites que impedisen os posibles efectos indesexables ou nocivos tanto para a saúde animal como humana.

Así mesmo, tanto na Directiva 74/63/CEE, do 17 de decembro de 1973, coma na citada orde, estableceuse a obriga de realiza-las modificacións oportunas para adaptar estas normas ás innovacións que se fosen producindo nos coñecementos científicos e técnicos.

Polo tanto, considerando as numerosas modificacións que sufriu a Orde do 11 de outubro de 1988, e co fin de incorporar ó noso ordenamento xurídico a Directiva 1999/29/CE, do Consello, do 22 de abril, relativa ás substancias e produtos indesexables na alimentación animal, díctase esta disposición, que ten como principal obxecto evita-la dispersión normativa neste ámbito, ademais de asegurar unha regulación máis transparente da materia afectada pola norma.

No procedemento de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Este real decreto díctase de acordo co Real decreto 418/1987, do 20 de febreiro, polo que se aproba a Regulamentación das substancias e produtos que interveñen na alimentación dos animais, e recibiu informe favorable da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta norma díctase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reservan ó Estado as competencias exclusivas sobre o comercio exterior, sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xuño de 2001,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto regula as substancias e produtos indesexables na alimentación animal e as porcentaxes máximas toleradas de produtos indesexables nesta, co fin de protexe-la saúde animal, a saúde humana e o ambiente.

2. Este real decreto aplicarase sen prexuízo das lexislacións específicas establecidas para:

- a) Os aditivos nos alimentos para animais.
- b) A comercialización dos alimentos para animais.
- c) A fixación de contidos máximos para os residuos de praguicidas sobre e nos produtos destinados á nutrición animal, na medida en que tales residuos non se mencionen na parte B do anexo I deste real decreto.
- d) Os microorganismos nos alimentos para animais.
- e) Determinados produtos utilizados na alimentación animal.
- f) Os alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as seguintes definicións:

a) Alimentos para animais: os produtos de orixe vexetal ou animal en estado natural, frescos ou conservados, e os derivados da súa transformación industrial, así como as substancias orgánicas ou inorgánicas, simples ou mesturadas, conteñan ou non aditivos, que estean destinados á alimentación animal por vía oral.

b) Materias primas para a alimentación animal: os distintos produtos de orixe vexetal ou animal en estado natural, frescos ou conservados, e os derivados da súa transformación industrial, así como as substancias orgánicas ou inorgánicas que conteñan ou non aditivos, destinados a seren utilizados para a alimentación animal por vía oral, directamente no seu estado normal ou logo de transformación para a preparación de pensos compostos ou para servir como soporte de pre mesturas.

c) Pensos compostos completos: as mesturas de alimentos para animais que, pola súa composición, abonden para garanti-la súa ración diaria.

d) Pensos compostos complementarios: as mesturas de alimentos que conteñan porcentaxes elevadas de determinadas substancias e que, pola súa composición, só garantan a ración diaria se se asocian a outros alimentos para animais.

e) Pensos compostos: as mesturas de materias primas para a alimentación animal, con ou sen aditivos, destinadas á alimentación dos animais por vía oral, en forma de pensos completos ou complementarios.

f) Ración diaria: a cantidade total de alimentos, referida a un contido de humidade do 12 por 100, necesaria como media diaria para satisface-lo conxunto das necesidades dun animal dunha especie, unha categoría de idade e un rendemento determinados.

g) Animais: os animais pertencentes a especies normalmente alimentadas e criadas ou consumidas polo home e os animais que viven libremente na natureza en caso de que sexan alimentados con penso.

h) Animais de compañía: os animais pertencentes a especies que críe e teña no seu poder normalmente, pero non sexan consumidas polo home, con excepción dos animais criados para aproveita-la súa pel.

Artigo 3. *Requisitos xenéricos das materias primas para a alimentación animal.*

1. As materias primas para a alimentación animal só poden poñerse en circulación se son sas, cabais e de calidade comercial.

2. En particular, e sen prexuízo do disposto na parte A do anexo II deste real decreto, non poderán considerarse como sas, cabais e de calidade comercial as materias primas para alimentación animal que teñan un contido en substancias ou produtos indesexables tan elevado que imposibilite a observancia dos contidos máximos para os pensos compostos, fixados no anexo I deste real decreto.

Artigo 4. *Alimentos exceptuados do contido máximo en substancias indesexables.*

1. As substancias e produtos enumerados no anexo I deste real decreto unicamente se tolerarán nos alimentos para animais nas condicións fixadas nel.

2. Non obstante o disposto na alínea anterior, os contidos máximos previstos no anexo I para os alimentos dos animais poderán superarse sempre que se trate de forraxes producidas e utilizadas sen alteración na mesma explotación agrícola e na medida en que tal exceso se

revele necesario en consideración a circunstancias especiais, e en tanto que diso non resulte ningún efecto nocivo para a saúde animal ou humana.

**Artigo 5. *Condicións para a posta en circulación de partidas que conteñan substancias indesexables.***

1. As materias primas para a alimentación animal enumeradas na parte A do anexo II deste real decreto só poden poñerse en circulación se o contido da substancia ou o produto indesexable mencionado no citado anexo non excede do contido máximo establecido nel.

2. Se o contido na substancia ou o produto indesexable mencionado na columna 1 da parte A do anexo II deste real decreto fose superior ó que se establece na columna 3 do anexo I desta disposición para a materia prima para a alimentación animal, a materia prima para a alimentación animal recollida na columna 2 do anexo II, parte A, deste real decreto só poderá poñerse en circulación, sen prexuízo do disposto no punto 1, en tanto en canto:

a) Se trate dunha materia prima para a alimentación animal destinada a fabricantes de pensos compostos incluídos no artigo 5, número 1, parágrafo d), do Real decreto 1191/1998, do 12 de xuño, sobre autorización e rexistro de establecementos e intermediarios do sector da alimentación animal, ou a un fabricante de pensos compostos destinados a satisfacer as necesidades da súa propia gandería, tal como o recolle o mesmo artigo 5, número 3, do Real decreto 1191/1998.

b) Se indique nun documento de acompañamento:

1.º Que a materia prima para a alimentación animal se destina a fabricantes de pensos compostos que cumpren a condición prevista no parágrafo a) deste epígrafe.

2.º Que a materia prima para a alimentación animal non se pode utilizar directamente tal como está para a alimentación animal.

3.º O contido en substancia ou produto indesexable presente.

3. O disposto nos parágrafos a) e b) do punto anterior será aplicable igualmente ás materias primas para a alimentación animal e ás substancias ou ós produtos indesexables enumerados na parte B do anexo II deste real decreto, sempre que o seu contido máximo non estea limitado na parte A do dito anexo e, en todo caso, cando o contido da substancia ou produto indesexable presente na materia prima para a alimentación animal fose superior ó fixado no anexo I desta disposición para este tipo de materias primas.

**Artigo 6. *Prohibición de mesturar partidas de alimentos ou materias primas contaminadas con outras partidas.***

A partida dunha materia prima para a alimentación animal enumerada na parte A do anexo II, cun contido en substancia ou produto indesexable superior ó contido máximo fixado na columna 3 do citado anexo, non debe mesturarse con outras partidas de materias primas para a alimentación animal ou con outras partidas de alimentos.

**Artigo 7. *Contido en substancias indesexables dos pensos compostos complementarios.***

Os pensos compostos complementarios, na medida en que non existan disposicións especiais respecto a eles, non poden ter, tendo en conta a dilución prevista para a súa utilización, contidos en substancias e produtos enumerados no anexo I superiores ós establecidos para os pensos compostos completos correspondentes.

**Artigo 8. *Reducción provisional do contido máximo nalgunha substancia indesexable.***

1. Se se comprobase, en virtude de novos datos ou de nova valoración dos existentes, que o contido máximo fixado nos anexos I ou II deste real decreto, ou que un produto ou substancia non mencionado nos ditos anexos, representa un perigo para a saúde animal ou humana ou para o ambiente, procederase a dicta-la correspondente disposición que permita a redución provisional do contido máximo ou prohibirse a súa presenza nos alimentos para animais ou nas materias primas para a alimentación animal, sen prexuízo da adopción inmediata das medidas que a urxencia da situación requira, con obxecto de preservar a saúde dos consumidores, das que se dará conta no acto ás unidades correspondentes do Ministerio de Sanidade e Consumo.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da canle correspondente, dará inmediata conta disto ós outros estados membros e á Comisión das Comunidades Europeas, precisando os motivos que xustifiquen tal decisión.

**Artigo 9. *Aplicación dos controis oficiais.***

1. En caso de que un operador (importador, produtor, etc.), ou outra persoa que debido ás súas actividades profesionais posúa ou posuise unha partida de materias primas para a alimentación animal ou de alimentos para animais, ou que estivese en contacto directo con esta, teña ó respecto coñecemento de que a partida de materias primas para a alimentación animal é inadecuada para calquera utilización na alimentación animal debido á súa contaminación por unha substancia ou produto indesexable dos enumerados nos anexos I e II deste real decreto e non cumpre, por conseguinte, o disposto no número 1 do artigo 3, constituíndo polo tanto un grave perigo para a saúde animal ou humana, ou que a partida de alimentos para animais non cumpre o disposto no anexo I deste real decreto e constitúe, polo tanto, un grave perigo para a saúde animal ou humana; en ámbolos casos, esa persoa ou operador informará inmediatamente os órganos competentes da comunidade autónoma que corresponda, mesmo cando se prevexa a destrución da partida.

2. Unha vez verificada a información recibida, e tratándose dunha partida contaminada, a autoridade competente para o control adoptará as medidas necesarias para garantir que esa partida non sexa utilizada na alimentación animal, e en especial velará por que o destino final da partida contaminada e, de se-lo caso, a súa destrución, non poida ter efectos nocivos para a saúde humana ou animal nin para o ambiente.

3. Se existe a posibilidade de que unha partida de materias primas para a alimentación animal ou unha partida de alimentos para animais sexa expedida a outro Estado membro, tendo sido considerada non conforme as disposicións deste real decreto polo seu elevado contido en substancias ou produtos indesexables, a autoridade competente para o control comunicarllo ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que, á súa vez, lles dará a coñecer, a través da canle correspondente, sen demora, ós demais estados membros e á Comisión das Comunidades Europeas, calquera información útil sobre a dita partida.

4. O control oficial dos alimentos para animais e das materias primas para a súa alimentación axustarase, sen prexuízo do disposto nos epígrafes anteriores, ó disposto no Real decreto 557/1998, do 2 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, sendo as autoridades competentes as comunidades

autónomas ou o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, segundo se refira, respectivamente, a produtos elaborados en territorio español ou procedentes de estados membros da Unión Europea, ou a produtos que procedan de países terceiros nos puntos de inspección fronteirizos.

**Artigo 10. *Aplicación da norma ós alimentos destinados á exportación.***

As disposicións contidas neste real decreto aplicaranse ós alimentos destinados a seren exportados a países terceiros, aínda que se permite a reexportación/reexportación de partidas de alimentos para animais que non cumpran os requisitos deste real decreto ós países terceiros exportadores destas.

**Artigo 11. *Réxime sancionador.***

O incumprimento do establecido nesta disposición será sancionado de conformidade co establecido na Lei do 20 de decembro de 1952, sobre epizootias, no Decreto do 4 de febreiro de 1955, polo que se aproba o Regulamento de epizootias, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

**Disposición adicional única. *Títulos competenciais.***

O artigo 10 deste real decreto dítase en virtude do artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reserva ó Estado a competencia exclusiva sobre o comercio exterior; o resto da disposición ten carácter de normativa básica, en virtude do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reservan ó Estado as competencias exclusivas sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ó establecido na presente disposición e, en particular:

1. Orde do 11 de outubro de 1988 relativa a substancias e produtos indesexables en alimentación animal.
2. Artigo 1 da Orde do 11 de decembro de 1995 pola que se establecen determinadas disposicións relativas ós alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos.
3. O artigo 2 da Orde do 21 de abril de 1998 pola que se modifican as ordes do 23 de marzo, do 11 de outubro e do 31 de outubro de 1988, para adaptalas á normativa sobre circulación de materias primas destinadas á alimentación animal.
4. O artigo 2 da Orde do 30 de xuño de 1998 pola que se modifican diversas disposicións para adaptalas á normativa sobre autorización e rexistro de establecementos e intermediarios na alimentación animal.

**Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.***

Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para que, no ámbito das súas respectivas competencias, adopten as disposicións necesarias para o desenvolvemento das previsións deste real decreto e para a actualización dos seus anexos como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.***

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

## ANEXO I

Sustancias, productos	Alimentos para animales	Contenido máximo en mg/kg (ppm) en alimentos para animales, referido a un contenido de humedad del 12%
(1)	(2)	(3)
<b>A. SUSTANCIAS (iones o productos)</b>		
1. Arsénico.	Materias primas para la alimentación animal, excepto: - Harinas de hierbas, de alfalfa y de trébol deshidratado, así como pulpa desecada de remolacha azucarera y pulpa desecada con adición de melazas de remolacha azucarera  - Fosfatos y alimentos para animales procedentes de la transformación de pescados u otros animales marinos  Piensos completos, excepto: - Alimentos completos para peces  Piensos complementarios, excepto: - Piensos complementarios minerales	2 4  10  2 4  4 12
2. Plomo.	Materias primas para la alimentación animal, excepto: - Forrajes verdes - Fosfatos - Levaduras  Piensos completos  Piensos complementarios, excepto: - Piensos complementarios minerales	10 40 30 5  5  10 30
3. Flúor.	Materias primas para la alimentación animal, excepto: - Alimentos de origen animal - Fosfatos  Piensos completos, excepto: - Piensos completos para bovinos, ovinos y caprinos: - Lactantes - Los demás - Piensos completos para cerdos - Piensos completos para aves de corral - Piensos completos para pollitos  Piensos complementarios minerales para bovinos, ovinos y caprinos Otros piensos complementarios	150 500 2.000  150  30 50 100 350 250  2.000 <sup>(1)</sup> 125 <sup>(2)</sup>

Sustancias, productos	Alimentos para animales	Contenido máximo en mg/kg (ppm) en alimentos para animales, referido a un contenido de humedad del 12%
(1)	(2)	(3)
4. Mercurio.	<p>Materias primas para la alimentación animal, excepto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materias primas procedentes de la transformación de pescados y otros animales marinos</li> </ul> <p>Piensos completos, excepto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Alimentos para perros y gatos</li> </ul> <p>Piensos complementarios, excepto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Alimentos complementarios para perros y gatos</li> </ul>	<p>0'1</p> <p>0'5</p> <p>0'1</p> <p>0'4</p> <p>0'2</p>
5. Nitritos.	<p>Harinas de pescado</p> <p>Piensos completos, excepto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Alimentos para animales de compañía (con excepción de los pájaros y peces ornamentales)</li> </ul>	<p>60 (expresado en nitrito de sodio)</p> <p>15 (expresado en nitrito de sodio)</p>
6. Cadmio.	<p>Materias primas para la alimentación animal de origen vegetal</p> <p>Materias primas para la alimentación animal de origen animal, excepto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Alimentos para animales de compañía</li> </ul> <p>Fosfatos</p> <p>Piensos completos para bovinos, ovinos y caprinos, excepto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Piensos completos para terneros, corderos y cabritos</li> </ul> <p>Otros piensos completos, excepto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Alimentos completos para animales de compañía</li> </ul> <p>Piensos minerales</p> <p>Otros piensos complementarios para bovinos, ovinos y caprinos</p>	<p>1</p> <p>2</p> <p>10<sup>(3)</sup></p> <p>1</p> <p>0'5</p> <p>5<sup>(4)</sup></p> <p>0'5</p>
<b>B. PRODUCTOS</b>		
1. Aflatoxina B <sub>1</sub> .	<p>Materias primas para la alimentación animal, excepto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cacahuete, copra, palmiste, semillas de algodón, babasú, maíz y los derivados de su transformación</li> </ul> <p>Piensos completos para bovinos, ovinos y caprinos, excepto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ganado lechero</li> <li>- Terneros, corderos y cabritos</li> </ul>	<p>0'05</p> <p>0'02</p> <p>0'05</p> <p>0'005</p> <p>0'01</p>

Sustancias, productos	Alimentos para animales	Contenido máximo en mg/kg (ppm) en alimentos para animales, referido a un contenido de humedad del 12%
(1)	(2)	(3)
	Piensos completos para cerdos y aves (excepto animales jóvenes)  Otros piensos completos  Piensos complementarios para bovinos, ovinos y caprinos (excepto piensos complementarios para ganado lechero, corderos y cabritos)  Piensos complementarios para cerdos y aves de corral (excepto animales jóvenes)  Otros piensos complementarios	0'02  0'01  0'05  0'03  0'005
2. Ácido cianhídrico.	Materias primas para la alimentación animal, excepto: - Semillas de lino - Tortas de lino - Productos de mandioca y tortas de almendras  Piensos completos, excepto: - Piensos completos para pollitos	50 250 350 100  50 10
3. Gosipol libre.	Materias primas para la alimentación animal, excepto: - Tortas de semillas de algodón  Piensos completos, excepto: - Piensos completos para bovinos, ovinos y caprinos - Piensos completos para aves de corral (excepto aves ponedoras) y terneros - Piensos completos para conejos y cerdos (excepto lechones)	20 1.200  20 500 100 60
4. Teobromina.	Piensos completos, excepto: - Piensos completos para bovinos adultos	300 700
5. Esencia volátil de mostaza.	Materias primas para la alimentación animal, excepto: - Torta de colza.  Piensos completos, excepto: - Piensos completos para bovinos, ovinos y caprinos (excepto animales jóvenes) - Piensos completos para cerdos (excepto lechones) y aves de corral	100 4.000 (expresado en isotiocianato de alilo) 150 (expresado en isotiocianato de alilo) 1.000 (expresado en isotiocianato de alilo) 500 (expresado en isotiocianato de alilo)

Sustancias, productos	Alimentos para animais	Contenido máximo en mg/kg (ppm) en alimentos para animais, referido a un contenido de humedad del 12%
(1)	(2)	(3)
6. Viniltiooxazolidona. ( <i>vinileoxalidiotión</i> )	Piensos completos para aves, excepto: - Piensos completos para aves ponedoras	1.000 500
7. Cornezuelo de centeno ( <i>Claviceps purpurea</i> ).	Todos los alimentos para animais que contengan cereales no molidos	1.000
8. Semillas de malas hierbas y frutos no molidos ni triturados que contengan alcaloides, glucósidos u otras sustancias tóxicas, por separado o en conjunto, a saber: a) <i>Lolium temulentum</i> L. b) <i>Lolium remotum</i> Schrank. c) <i>Datura stramonium</i> L.	Todos los alimentos para animais	3.000  1.000 1.000 1.000
9. Ricino – <i>Ricinus communis</i> L.	Todos los alimentos para animais	10 (expresado en cáscaras de ricino)
10. <i>Crotalaria</i> spp.	Todos los alimentos para animais	100
11. Aldrín } Solos o en conjunto, calculados como dieldrín 12. Dieldrín }	Todos los alimentos para animais, excepto: - Materias grasas	0'01 0'2
13. Canfecloro (toxafeno).	Todos los alimentos para animais	0'1
14. Clordán (suma de los isómeros cis y trans y del oxiclordano, calculada en forma de clordán).	Todos los alimentos para animais, excepto: - Materias grasas	0'02 0'05
15. DDT (suma de los isómeros de DDT, TDE y DDE, calculado en forma de DDT).	Todos los alimentos para animais, excepto: - Materias grasas	0'05 0'5
16. Endosulfán (suma de los isómeros alfa y beta del sulfato de endosulfán, calculada en forma de endosulfán).	Todos los alimentos para animais, excepto: - Maíz - Semillas oleaginosas - Alimentos completos para peces	0'1  0'2 0'5 0'005

Sustancias, productos	Alimentos para animales	Contenido máximo en mg/kg (ppm) en alimentos para animales, referido a un contenido de humedad del 12%
(1)	(2)	(3)
17. Endrín (suma del endrín y delta-cetoendrín, calculada en forma de endrín).	Todos los alimentos para animales, excepto: - Materias grasas	0'01 0'05
18. Heptacloro (suma del heptacloro y del heptacloroepóxido, calculada en forma de heptacloro).	Todos los alimentos para animales, excepto: - Materias grasas	0'01 0'2
19. Hexaclorobenceno (HCB)	Todos los alimentos para animales, excepto: - Materias grasas	0'01 0'2
20. Hexaclorociclohexano (HCH).		
20.1. Isómeros alfa.	Todos los alimentos para animales, excepto: - Materias grasas	0'02 0'2
20.2. Isómeros beta.	Piensos compuestos, excepto: - Piensos compuestos para ganado lechero	0'01 0'005
	Materias primas para la alimentación animal, excepto: - Materias grasas	0'01 0'1
20.3. Isómeros gamma.	Todos los alimentos para animales, excepto: - Materias grasas	0'2 2'0
21. Dioxina (suma de PCDD y PCDF), expresada en equivalentes tóxicos internacionales.	Pulpa de cítricos	500 pg I-TEQ/Kg (límite superior de detección) <sup>(5)</sup>
<b>C. IMPUREZAS BOTÁNICAS</b>		
1. Albaricoque – <i>Prunus armeniaca</i> L.	} Todos los alimentos para animales	} Las semillas y frutos y los productos derivados de su transformación que figuran en las columnas contiguas sólo podrán encontrarse en los alimentos para animales en cantidades imperceptibles.
2. Almendra amarga <i>Prunus dulcis</i> . (Mill.) D.A. Webb var. <i>Amara</i> . (DC.) Focke [= <i>Prunus amygdalus</i> Batsch var. <i>amara</i> (DC.) Focke].		



Sustancias, productos	Alimentos para animales	Contenido máximo en mg/kg (ppm) en alimentos para animales, referido a un contenido de humedad del 12%
(1)	(2)	(3)
3. Hayuco con cáscara – <i>Fagus silvatica</i> (L). 4. Camelina – <i>Camelina sativa</i> (L) Crantz. 5. Mowrah, <i>Bassia</i> , <i>Madhuca</i> - <i>Madhuca longifolia</i> (L) Macbr. (= <i>Bassia longifolia</i> L. = <i>Illipe malabrorum</i> Engl.) <i>Madhuca indica</i> Gmelin [= <i>Bassia latifolia</i> (Roxb.) = <i>Illipe latifolia</i> (Roscb.) F. Mueller]. 6. Frailejón – <i>Jatropha curcas</i> L. 7. Croton – <i>Croton tiglium</i> L. 8. Mostaza india – <i>Brassica juncea</i> (L.) Czern. et Coss. ssp. <i>Integrifolia</i> (West.) Thell. 9. Mostaza de Sarepta – <i>Brassica juncea</i> (L) Czern. et Coss. ssp. <i>Juncea</i> . 10. Mostaza china – <i>Brassica juncea</i> (L) Czern et Coss. ssp. <i>Juncea</i> var. <i>Lutea</i> Batalin. 11. Mostaza negra – <i>Brassica nigra</i> (L) Koc 12. Mostaza Abisinia (etiope) Snf – <i>Brassica carinata</i> A. Braun.	Todos los alimentos para animales	Las semillas y frutos y los productos derivados de su transformación que figuran en las columnas contiguas sólo podrán encontrarse en los alimentos para animales en cantidades imperceptibles.

(1) Contenido máximo de flúor igual a 1,25% del contenido de fósforo.

(2) Contenido de flúor por 1% de fósforo.

(3) Contenido máximo de cadmio igual a 0,5 mg por 1% de fósforo.

(4) Contenido máximo de cadmio igual a 0,75% mg por 1% de fósforo.

(5) Las concentraciones del límite superior se calculan dando por sentado que todos los valores de los diferentes congéneres inferiores al límite de detección son iguales a este límite.

**ANEXO II****PARTE A**

Sustancias, productos	Materias primas para la Alimentación animal	Contenido máximo en mg/kg (ppm) en materias primas para la alimentación animal, referido a un contenido de humedad del 12%
(1)	(2)	(3)
1. Aflatoxina B <sub>1</sub> .	Cacahuete, copra, palmiste, semillas de algodón, babasú, maíz y los derivados de su transformación	0,2
2. Cadmio.	Fosfatos	10 <sup>(1)</sup>
3. Arsénico.	Fosfatos	20
4. Dioxina (suma de PCDD y PCDF), expresada en equivalentes tóxicos internacionales.	Pulpa de cítricos	500 pg I-TEQ/Kg(límite superior de detección) <sup>(2)</sup>

(1) Contenido máximo de cadmio de 0,5 mg por 1% de fósforo.

(2) Las concentraciones del límite superior se calculan dando por sentado que todos los valores de los diferentes congéneres inferiores a límite de detección son iguales a este límite.

**PARTE B**

Sustancias, productos	Materias primas para la alimentación animal
(1)	(2)
<b>A. SUSTANCIAS (iones o elementos)</b>	
1. Arsénico.	Todas las materias primas para la alimentación animal, excepto: - Fosfatos
2. Plomo.	Todas las materias primas para la alimentación animal
3. Flúor.	Todas las materias primas para la alimentación animal
4. Mercurio.	Todas las materias primas para la alimentación animal
5. Nitritos.	Harina de pescado
6. Cadmio.	Todas las materias primas para la alimentación animal de origen vegetal Todas las materias primas para la alimentación animal de origen animal, excepto: - Materias primas para la alimentación animal de animales de compañía

Sustancias, productos	Materias primas para la alimentación animal
(1)	(2)
<b>B. PRODUCTOS</b>	
1. Aflatoxina B1.	Todas las materias primas para la alimentación animal, excepto: - Cacahuete, copra, palmiste, semillas de algodón, babasú, maíz y los derivados de su transformación
2. Ácido cianhídrico.	Todas las materias primas para la alimentación animal
3. Gosipol libre.	Todas las materias primas para la alimentación animal
4. Esencia volátil de mostaza.	Todas las materias primas para la alimentación animal
5. Cornezuelo de centeno ( <i>Claviceps purpurea</i> ).	Cereales no molidos
6. Semillas de malas hierbas y frutos no molidos ni triturados, que contengan alcaloides, glucósidos u otras sustancias tóxicas por separado o en conjunto, a saber: a) <i>Lolium temulentum</i> L. b) <i>Lolium remotum</i> Schrank, c) <i>Datura stramonium</i> L.	Todas las materias primas para la alimentación animal
7. Ricino – <i>Rizinus communis</i> L.	Todas las materias primas para la alimentación animal
8. <i>Crotalaria</i> ssp.	Todas las materias primas para la alimentación animal
9. Aldrín. } 10. Dieldrín. } Solos o en conjunto, Calculados como dieldrín.	} Todas las materias primas para la alimentación animal
11. Canfecloro (toxafeno).	Todas las materias primas para la alimentación animal
12. Clordán (suma de isómeros cis y trans y del oxiclordano, calculada como clordán).	Todas las materias primas para la alimentación animal
13. DDT (suma de los isómeros DDT, TDE y DDE, calculada como DDT).	Todas las materias primas para la alimentación animal
14. Endosulfán (suma de los isómeros alfa y beta de sulfato de endosulfán, calculada como endosulfán).	Todas las materias primas para la alimentación animal
15. Endrín (suma del endrín y del delta-cetoendrín, calculada como endrín).	Todas las materias primas para la alimentación animal
16. Heptacloro (suma del heptacloro y del heptacloroepóxido, calculada como heptacloro).	Todas las materias primas para la alimentación animal
17. Hexaclorobenceno (HCB).	Todas las materias primas para la alimentación animal

Sustancias, productos	Materias primas para la alimentación animal
(1)	(2)
18.Hexaclorociclohexano (HCH):	
18.1. Isómeros alfa.	Todas las materias primas para la alimentación animal
18.2. Isómeros beta.	Todas las materias primas para la alimentación animal
18.3. Isómeros gamma.	Todas las materias primas para la alimentación animal
<b>C. IMPUREZAS BOTÁNICAS</b>	
1. Albaricoque – <i>Prunus armeniaca</i> L.	Todas las materias primas para la alimentación animal
2. Almendra amarga – <i>Prunus dulcis</i> (Mill.) D.A. Webb var. <i>Amara</i> (DC) Focke [= <i>Prunus amygdalus</i> Batsch var. <i>amara</i> (DC.)Focke].	Todas las materias primas para la alimentación animal
3. Hayuco con cáscara <i>Fagus silvatica</i> (L).	Todas las materias primas para la alimentación animal
4. Camelina – <i>Camelina sativa</i> (L) Crantz.	Todas las materias primas para la alimentación animal
5. <i>Mowrah</i> , <i>Bassia</i> , <i>Madhuca</i> - <i>Madhuca longifolia</i> (L) Macbr. (= <i>Bassia longifolia</i> L. = <i>Illipe malabrorum</i> Engl.) <i>Madhuca indica</i> Gmelin [= <i>Bassia latifolia</i> (Roxb.) = <i>Illipe latifolia</i> (Roscb.) F. Mueller].	Todas las materias primas para la alimentación animal
6. Frailejón – <i>Jatropha curcas</i> L.	Todas las materias primas para la alimentación animal
7. Croton – <i>Croton tiglium</i> L.	Todas las materias primas para la alimentación animal
8. Mostaza india - <i>Brassica juncea</i> (L.) Czern. et Coss. ssp. <i>integrifolia</i> (West.) Thell.	Todas las materias primas para la alimentación animal
9. Mostaza de Sarepta – <i>Brassica juncea</i> (L) Caern. et Coss. ssp. <i>juncea</i> .	Todas las materias primas para la alimentación animal
10. Mostaza china - <i>Brassica juncea</i> (L) Czern et Coss ssp <i>juncea</i> var. <i>lutea</i> Batalin.	Todas las materias primas para la alimentación animal
11. Mostaza negra - <i>Brassica nigra</i> (L) Koch.	Todas las materias primas para la alimentación animal
12. Mostaza de Abisinia (etíope) - <i>Brassica carinata</i> A. Braun.	Todas las materias primas para la alimentación animal